



Código Ético do Provedor

Índice

| | |
|--|----|
| 1. Obxecto | 04 |
| 2. Ámbito de aplicación | 05 |
| 3. Principios rexidores da conduta en Gas Natural Fenosa | 06 |
| 4. Pautas de conduta | 07 |
| 4.1. Respecto pola legalidade, os dereitos humanos e os valores éticos | 07 |
| 4.2. Respecto polas persoas | 09 |
| 4.3. Desenvolvemento profesional e igualdade de oportunidades | 09 |
| 4.4. Ofrecer emprego digno | 10 |
| 4.5. Uso e protección dos activos | 10 |
| 4.6. Corrupción e suborno | 11 |
| 4.7. Pagos irregulares e branqueo de capitais | 12 |
| 4.8. Imaxe e reputación corporativa | 13 |
| 4.9. Conflito de intereses | 13 |
| 4.10. Tratamento da información e do coñecemento | 14 |
| 4.11. Relación cos clientes | 16 |
| 4.12. Seguridade e saúde no traballo | 16 |
| 4.13. Respecto polo medio ambiente | 18 |
| 4.14. Calidade e seguridade dos produtos e servizos | 19 |
| 5. Aceptación, adhesión e cumprimento do Código | 20 |
| 6. Vixencia e aprobación | 21 |
| Anexo I: Pacto Mundial das Nacións Unidas | 22 |
| Anexo II: Principios da Política Anticorrupción de Gas Natural Fenosa | 24 |

1.

Obxecto

Gas Natural Fenosa considera aos seus provedores, contratistas e colaboradores externos parte indispensable para acadar os seus obxectivos de crecemento e de mellora da calidade do servizo, procurando establecer con eles relacións baseadas na confianza e no beneficio mutuo.

O Código Ético do Proveedor de Gas Natural Fenosa (en adiante tamén o Código) enténdese como unha extensión do Código Ético de Gas Natural Fenosa e ten como finalidade establecer as pautas que como mínimo deben presidir o comportamento ético dos provedores, contratistas e colaboradores externos, de acordo coa cultura empresarial e co Sistema Normativo de Gas Natural Fenosa, coas leis de cada un dos países onde Gas Natural Fenosa desenvolve as súas actividades, respectando os valores das súas respectivas culturas. Así mesmo, recolle os compromisos derivados do Pacto Mundial das Nacións Unidas (Anexo deste Código) e os seguintes códigos e políticas de

Gas Natural Fenosa: o Código Ético, a Política de Dereitos Humanos, a Política de Responsabilidade Corporativa e a Política Anticorrupción.

O Código Ético do Proveedor reflicte o principio de dilixencia debida que deberán aplicar os provedores, contratistas e colaboradores externos para a prevención, detección e erradicación de irregularidades relacionadas cos incumprimentos deste Código e das normas internas que estes teñan establecidas, incluídas aquelas que fan referencia a ilícitos penais. De forma específica, cumprírase coas lexislacións en materia de responsabilidade penal da persoa xurídica establecidas en cada un dos ámbitos.

Gas Natural Fenosa asume o compromiso de promover e incentivar entre os seus provedores, contratistas e empresas colaboradoras externas, sen prexuízo do cumprimento das condicións contractuais, e baixo a premisa do respecto á facultade de xestión, a adopción de prácticas conformes coas pautas incluídas neste Código.

Gas Natural Fenosa poñerá os medios necesarios para que os provedores, contratistas e colaboradores externos coñezan e entendan o presente Código e poidan asumir o seu cumprimento.

Con base ao anterior presentamos a continuación o Código Ético do Proveedor de Gas Natural Fenosa, como unha ferramenta que axude aos nosos provedores, contratistas e colaboradores externos a fortalecer os comportamentos éticos no desempeño da súa actividade e na súa relación con Gas Natural Fenosa e os seus clientes, e con terceiros.

2.

Ámbito de aplicación

O presente Código vai dirixido a todos os provedores, contratistas e colaboradores externos que interveñen nas relacións de negocio con calquera das empresas participadas nas que Gas Natural Fenosa teña o control da xestión.

O seu cumprimento é independente do lugar do mundo onde operen os devanditos provedores, contratistas e empresas colaboradoras, sen prexuízo do cumprimento do marco institucional e legal existente en cada país.

Os criterios de conduta recollidos neste Código non pretenden contemplar a totalidade de situacións ou circunstancias coas que os provedores, contratistas e colaboradores externos de Gas Natural Fenosa se poidan atopar, senón establecer unhas pautas xerais de conduta que lles orienten na súa forma de actuar durante o desempeño da súa actividade profesional.

3.

Principios rexidores da conduta en Gas Natural Fenosa

Gas Natural Fenosa considera que a confianza dos seus accionistas, clientes, provedores, contratistas e empresas colaboradoras externas, así como da contorna social na que desenvolve a súa actividade, fundaméntase na integridade e responsabilidade no desempeño profesional de cada un dos seus empregados.

A integridade enténdese como a actuación ética, honrada e de boa fe. A responsabilidade profesional enténdese como a actuación proactiva, eficiente e enfocada á excelencia, á calidade e á vontade de servizo.

Gas Natural Fenosa espera de todos os seus empregados un comportamento íntegro e responsable no desempeño das súas funcións. Así mesmo, Gas Natural Fenosa tamén espera que os seus provedores, contratistas e empresas colaboradoras externas manteñan un comportamento acorde con estes principios.

Todos os provedores, contratistas e empresas colaboradoras externas de Gas Natural Fenosa teñen a posibilidade de dirixirse confidencialmente, de boa fe e sen temor a represalias, para calquera incumprimento das pautas do Código que observen no seu desempeño profesional, á Comisión do Código Ético a través do correo electrónico codigoetico@gasnaturalfenosa.com

As comunicacións realizadas á Comisión do Código Ético trataranse de forma confidencial e de acordo co establecido na Lei ou Leis de Protección de Datos de cada un dos países onde Gas Natural Fenosa desenvolva as súas actividades.

4.

Pautas de conduta

O Código Ético de Provedores determina pautas específicas de conduta nas seguintes áreas de contidos:

- > Pautas sociais e laborais.
- > Pautas éticas e de bo goberno.
- > Pautas de seguridade e saúde.
- > Pautas ambientais e de calidade.

Pautas sociais e laborais

4.1.

Respecto pola legalidade, os dereitos humanos e os valores éticos

Gas Natural Fenosa asume o compromiso de actuar en todo momento de acordo coa lexislación vixente, co Sistema Normativo interno establecido coas prácticas éticas internacionalmente aceptadas, con total respecto polos dereitos humanos e as liberdades públicas.

Todos os provedores, contratistas e colaboradores externos deben cumprir as leis vixentes nos países onde desenvolven a súa actividade, atendendo ao espírito e á finalidade das mesmas, e observando en todas as súas actuacións un comportamento ético.

Así mesmo, os provedores, contratistas e colaboradores externos deben evitar calquera conduta, que aínda sen violar a lei, poida prexudicar a reputación de Gas Natural Fenosa ante a comunidade, o goberno do país ou outros organismos, e afectar de maneira negativa aos seus intereses.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos deben actuar con honradez e integridade en todos os seus contactos ou transaccións coas autoridades e funcionarios dos diferentes gobernos e administracións, asegurando que toda a información e certificacións que presenten, así como as declaracións que realicen, sexan veraces.

Todos os provedores, contratistas e colaboradores externos deben coñecer e respectar as leis que afecten ao seu traballo.

Ningún provedor, contratista e colaborador externo colaborará conscientemente con terceiros na violación de ningunha lei, nin participará en ningunha actuación que comprometa o respecto ao principio de legalidade.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos poñerán os medios necesarios para que os seus empregados coñezan, en cada momento, a normativa externa e interna relevante para as funcións que desempeñen, e establecerán os modelos de control interno necesarios que aseguren o cumprimento da legalidade e valores éticos.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos deben observar e asegurar en todo momento o cumprimento dos dereitos humanos, en especial os relacionados con:

- > Eliminar toda forma ou modalidade de traballo forzado ou obrigatorio. Os provedores, contratistas e colaboradores externos deberán promover e adoptar as medidas necesarias na súa organización para eliminar toda forma ou modalidade de traballo forzado ou obrigatorio. Os provedores, contratistas e

colaboradores externos recoñecerán o dereito dos seus traballadores a abandonar o seu posto de traballo previo aviso cunha antelación razoable.

- > Non permitir o traballo infantil. Os provedores, contratistas e colaboradores externos rexeitarán expresamente o traballo infantil na súa organización, respectando as idades mínimas de contratación de conformidade coa lexislación aplicable, e disporá dos medios que garantan o seu cumprimento. Para Gas Natural Fenosa a idade mínima para traballar vén definida no convenio 138 da Organización Internacional do traballo (OIT).
- > Con respecto ás comunidades indíxenas e aos modos de vida tradicionais. Os provedores, contratistas e colaboradores externos deberán respectar os dereitos das comunidades, incluídas as indíxenas, nos lugares onde operen, comprometéndose a poñer os medios para que as súas actividades non inflúan negativamente sobre os modos de vida e traballo tradicionais das persoas que viven nas súas zonas de operación.

4.2.

Respecto polas persoas

- Respecto profesional. Gas Natural Fenosa rexeita calquera manifestación de acoso físico, psicolóxico, moral ou de abuso de autoridade, así como calquera outra conduta que poida xerar unha contorna intimidatoria ou ofensiva para os dereitos das persoas, en especial, das minorías étnicas. Os provedores, contratistas e colaboradores externos tratarán aos seus empregados con dignidade e respecto, propiciando unhas relacións cordiais e unha contorna de traballo agradable, saúdable e segura. Baixo ningunha circunstancia tolerarase ningunha forma de acoso ou intimidación. As relacións entre os empregados do grupo e os dos provedores, contratistas e colaboradores externos estarán baseadas no respecto profesional e na colaboración mutua.
- Respecto á liberdade de asociación e negociación colectiva. Os provedores, contratistas e colaboradores externos respectarán a liberdade de asociación e o dereito á negociación colectiva dos seus

traballadores, con subxección ás normas aplicables en cada caso e sen que do seu exercicio se poidan derivar represalias. Os representantes dos traballadores estarán protexidos contra calquera tipo de discriminación e poderán desempeñar libremente as súas funcións como representantes no seu lugar de traballo.

4.3.

Desenvolvemento profesional e igualdade de oportunidades

Gas Natural Fenosa non acepta ningún tipo de discriminación no ámbito laboral ou profesional por motivos de idade, raza, cor, xénero, relixión, opinión política, ascendencia nacional, orixe social ou discapacidade. Ademais, Gas Natural Fenosa apoia e comprométese coa aplicación das políticas públicas establecidas para promover unha maior igualdade de oportunidades e para o fomento dunha cultura corporativa baseada no mérito.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos, ao igual que Gas Natural Fenosa, promoverán a igualdade de oportunidades na contratación, remuneración,

acceso á formación, promoción, desenvolvemento profesional, igualdade de oportunidades, terminación do contrato ou xubilación dos seus empregados e nas empresas subcontratadas.

4.4.

Ofrecer emprego digno

Gas Natural Fenosa garante un emprego digno a todos os seus empregados.

Do mesmo xeito, os provedores, contratistas e colaboradores externos remunerarán aos seus empregados dunha maneira digna, axustada ás súas habilidades, responsabilidades e funcións e aliñada coa lexislación aplicable e coas condicións dos mercados onde opere.

Deberán garantir o dereito de sus empregados ao descanso e cumprir a lexislación laboral vixente en cada unha das contornas nas que opere en canto ao horario de traballo e ao dereito a descansar.

Pautas éticas e de bo goberno

4.5.

Uso e protección dos activos

Gas Natural Fenosa pon a disposición dos seus empregados os recursos necesarios para o desempeño da súa actividade profesional, e comprométese a facilitar os medios para a protección e salvagarda dos mesmos. Este compromiso é extensible aos provedores, contratistas e colaboradores externos que na súa relación con Gas Natural Fenosa requiren o uso dos recursos de Gas Natural Fenosa.

Ao igual que os empregados, os provedores, contratistas e colaboradores externos deberán utilizar os recursos da empresa de forma responsable, eficiente e apropiada na contorna da súa actividade profesional. Así mesmo, deberán protexelos e preservalos de calquera uso desaxeitado do que se puideran derivar prexuízos para os intereses de Gas Natural Fenosa.

Gas Natural Fenosa non permite o uso dos equipos que pon a disposición dos seus provedores, contratistas e colaboradores externos para utilizar programas ou aplicacións informáticas cuxa utilización sexa ilegal, que poidan danar a súa imaxe ou reputación ou para acceder, descargar ou distribuír contidos ilegais ou ofensivos.

Polo que respecta ao persoal da empresas ás que se contrate o servizo de seguridade patrimonial de Gas Natural Fenosa, en todos os países contemplarán como referencia os Principios Voluntarios en Seguridade e Dereitos Humanos e o establecido no compromiso 9 da Política de Dereitos Humanos de Gas Natural Fenosa.

4.6.

Corrupción e suborno

Un dos principios do Pacto Mundial das Nacións Unidas (ao que Gas Natural Fenosa se adheriu no ano 2002 e contido no Anexo I do presente Código) é a loita contra a corrupción e o suborno.

A corrupción e o suborno aparecen cando os empregados, provedores, contratistas e colaboradores externos fan uso de prácticas non éticas para a obtención dalgún beneficio para a compañía ou para eles mesmos. A corrupción e o suborno son unha das categorías de fraude.

Gas Natural Fenosa dispón dunha Política Anticorrupción na que se definen os principios a seguir co fin de previr este tipo de riscos. No Anexo II detállanse os principios da Política Anticorrupción de Gas Natural Fenosa. Gas Natural Fenosa espera dos seus provedores, contratistas e colaboradores externos o seu compromiso e responsabilidade para asegurar que se cumpran os principios da Política Anticorrupción.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos de Gas Natural Fenosa, na súa relación con terceiros e, en particular, con autoridades e institucións públicas dos distintos países onde desenvolven a súa actividade, actuarán dunha maneira acorde coas disposicións nacionais e internacionais para a prevención da corrupción e o suborno, entre as que se atopan as disposicións do

Código Penal español e dos países onde Gas Natural Fenosa opera e as Liñas Directrices para Empresas Multinacionais da OCDE.

Gas Natural Fenosa declárase contraria a influír sobre a vontade de persoas alleas á compañía para obter algún beneficio mediante o uso de prácticas non éticas. Tampouco permitirá que outras persoas ou entidades poidan empregar estas prácticas cos seus traballadores.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos non poderán aceptar, ofrecer ou conceder nin directa nin indirectamente obsequios ou compensacións de ningún tipo que teñan por obxecto influír de maneira impropia nas súas relacións comerciais, profesionais ou administrativas, tanto con Gas Natural Fenosa como con outras entidades públicas ou privadas.

Así mesmo, os provedores, contratistas e colaboradores externos non poderán facer, nin directa nin indirectamente, pagos, agasallos ou compensacións de calquera tipo que non se consideren propios do curso normal dos negocios, para tratar de influír de maneira impropia nas súas

relacións comerciais, profesionais ou administrativas, tanto con Gas Natural Fenosa como con outras entidades públicas ou privadas.

En favor da transparencia, os provedores, contratistas e colaboradores externos comprométese a cumprir os procesos formais de comunicación con Gas Natural Fenosa establecidos por Compras durante os procesos de licitación. Durante o decurso dunha licitación, os provedores, contratistas e colaboradores externos convidados a participar na mesma, non poderán realizar convites a eventos ou comidas nin manterán reunións nin contactos informais cos interlocutores de Gas Natural Fenosa implicados na licitación e limitarán a comunicación aos canais formais de interlocución establecidos por Compras.

4.7.

Pagos irregulares e branqueo de capitais

Gas Natural Fenosa establece políticas para previr e evitar no decurso das súas operacións a realización de pagos irregulares ou branqueo de capitais con orixe en actividades ilícitas ou delituosas.

Por este motivo, colabora coas autoridades competentes de cada país na loita contra o branqueo de capitais e a financiación de actividades ilícitas, aportando toda a información que soliciten de acordo coas normas vixentes na materia, así como denunciando as operacións sospeitosas.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos deberán adoptar medidas para previr o branqueo de capitais en transaccións económicas, tanto cobros como pagos, así como permanecer alerta fronte a vestixios de falta de integridade de persoas ou entidades coas que manteñen relacións.

4.8.

Imaxe e reputación corporativa

Gas Natural Fenosa considera a súa imaxe e reputación corporativa como un dos seus activos máis valiosos para preservar a confianza dos seus accionistas, clientes, empregados, provedores, autoridades e da sociedade en xeral.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos de Gas Natural Fenosa deben poñer o máximo cuidado en preservar a imaxe

e reputación de Gas Natural Fenosa nas súas actuacións profesionais. Igualmente vixiarán o respecto e uso correcto e axeitado da imaxe e reputación corporativa de Gas Natural Fenosa por parte dos seus empregados e das empresas subcontratadas.

Os provedores, contratistas e empresas colaboradoras aplicarán a debida dilixencia para garantir a respectabilidade das organizacións e as causas ás que están apoiando.

4.9.

Conflicto de intereses

Os conflitos de intereses aparecen naquelas circunstancias onde os intereses persoais dos empregados de Gas Natural Fenosa ou empregados dos seus provedores, contratistas ou colaboradores externos, de forma directa ou indirecta, son contrarios ou entran en colisión cos intereses de Gas Natural Fenosa, interfieren no cumprimento recto dos seus deberes e responsabilidades profesionais ou implícanlles a título persoal nalgunha transacción ou operación económica de Gas Natural Fenosa.

Entre as situacións que poidan xerar un conflito de intereses atópanse a participación de empregados, familiares ou persoas achegadas de provedores, contratistas ou colaboradores externos nos Órganos de Goberno ou na estrutura organizativa de Gas Natural Fenosa.

Gas Natural Fenosa considera que a relación cos seus empregados, provedores, contratistas ou colaboradores externos débese basear na lealdade que nace duns intereses comúns.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos deberán evitar situacións que poidan dar lugar a un conflito entre os intereses persoais dos seus empregados e os de Gas Natural Fenosa, e manter mecanismos que, no caso de potencial conflito de intereses dalgún dos seus empregados, garantan a independencia da actuación do provedor e a súa plena suxección á lexislación aplicable.

Os administradores e empregados de provedores, contratistas e colaboradores externos deberán informar a Gas Natural Fenosa no caso de que eles ou os seus familiares achegados sexan asemade empregados de Gas Natural Fenosa.

4.10.

Tratamento da información e do coñecemento

Gas Natural Fenosa considera a información e o coñecemento como un dos seus activos principais e imprescindibles para a xestión empresarial, polo que deben ser obxecto dunha especial protección.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos declaran a veracidade da información como principio básico en todas as súas actuacións, polo que deben transmitir de forma veraz toda a información que teñan que comunicar, tanto interna como externamente, e en ningún caso proporcionarán, a sabendas, información incorrecta ou inexacta que poida inducir a erro ao que a recibe.

Todos os provedores, contratistas e colaboradores externos que introduzan calquera tipo de información nos sistemas informáticos de Gas Natural Fenosa, deben coidar porque esta sexa rigorosa e fiable.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos teñen a obriga de preservar a integridade e confidencialidade da información que reciben como consecuencia das relacións comerciais que manteñen con Gas Natural Fenosa.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos que dispoñan de información reservada sobre a empresa, ou sobre aspectos importantes da estratexia, política, plans ou activos da compañía, deberán preservala para que non poidan ser utilizada de forma inadecuada e absterse de utilizala indebidamente en beneficio propio ou de terceiros.

Así mesmo, debe existir unha comunicación clara cos interlocutores en Gas Natural Fenosa e a información que o provedor ofrece a Gas Natural Fenosa, no marco da súa relación, deberá ser veraz e fiel.

A obriga de confidencialidade permanecerá unha vez concluída a súa relación con Gas Natural Fenosa e comprenderá a obriga de devolver calquera material relacionado coa compañía que o fabricante ou provedor teña no seu poder.

Os empregados deben garantir que non comparten a información comercialmente sensible entre empresas do grupo cando así se estableza na lexislación vixente.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos deben cumprir a lexislación vixente en cada un dos países en materia de protección de datos, respectando o dereito á intimidade e protexendo os datos persoais confiados por terceiros.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos de Gas Natural Fenosa protexen a propiedade intelectual de Gas Natural Fenosa e allea que inclúe, entre outros, dereitos de patentes, marcas, nomes de dominios, dereitos de reprodución (incluídos os dereitos de reprodución de software), dereitos de deseños, de extracción de bases de datos ou sobre coñecementos técnicos especializados.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos, na súa relación con terceiros, seguirán escrupulosamente as normas e procedementos nesta materia para evitar infrinxir os dereitos de terceiros.

4.11.

Relacións cos clientes

Gas Natural Fenosa compite no mercado de maneira leal, e non admite condutas enganosas, fraudulentas ou maliciosas que leven á compañía á obtención de vantaxes indebidas.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos de Gas Natural Fenosa deberán actuar de forma íntegra na súa relación cos clientes de Gas Natural Fenosa.

A información ou asesoramento que os provedores, contratistas e colaboradores externos proporcionen aos clientes de Gas Natural Fenosa deberá ser sempre suficiente, veraz, oportuna e axeitada. Baixo ningún concepto poderanse facilitar aos clientes informacións equívocas, ambiguas ou pouco rigorosas que lles poidan inducir a erro ou a tomar decisións erradas.

Pautas de seguridade e saúde

4.12.

Seguridade e saúde no traballo

Gas Natural Fenosa impulsa a adopción de políticas de seguridade e saúde no traballo e adopta as medidas preventivas establecidas na lexislación vixente de cada país, e coida en todo momento o cumprimento normativo nesta materia.

Así mesmo, impulsa e incentiva a aplicación das súas normas e políticas de seguridade e saúde no traballo por parte das empresas colaboradoras e provedores cos que opera.

Gas Natural Fenosa considera que a seguridade é unha responsabilidade individual e unha condición de emprego, motivo polo que non permitirá comportamentos inseguros que poidan provocar danos graves ás persoas e/ou instalacións.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos cos que opera farán seus os compromisos asumidos por Gas Natural Fenosa en materia de seguridade e saúde no traballo, co fin de eliminar os accidentes e os danos á saúde na súa organización e na das súas empresas subcontratadas. Os compromisos son os seguintes:

1. Garantir que a seguridade e a saúde son unha responsabilidade non delegable, que a través dun compromiso visible é liderada pola alta dirección e asumida de forma proactiva e integrada por toda a organización, así como polos nosos provedores e empresas colaboradoras.
2. Establecer a seguridade e a saúde como unha responsabilidade individual que condiciona o emprego dos traballadores de Gas Natural Fenosa, así como a actividade das súas empresas colaboradoras.
3. Coidar que calquera situación potencial de risco que puidera afectar aos traballadores, clientes, público e á seguridade das instalacións sexa notificada, avaliada e xestionada de forma axeitada.
4. Establecer a aprendizaxe como o motor do camiño cara a cultura da seguridade, mediante a formación continua, a análise de accidentes e incidentes e a difusión das leccións aprendidas.
5. Integrar criterios de seguridade e saúde esixentes nos procesos de negocio, nos novos proxectos, actividades, instalacións, produtos e servizos, así como na selección e avaliación de provedores e empresas colaboradoras, cuxo incumprimento condicione o inicio ou a continuidade da actividade.
6. Proporcionar os recursos e medios necesarios que posibiliten o cumprimento dos estándares de seguridade establecidos en cada momento.

Pautas ambientais e de calidade

4.13.

Respecto polo Medio Ambiente

A preservación do medio ambiente é un dos principios básicos de actuación de Gas Natural Fenosa. Consecuentemente con isto, ten definida unha política e instituído un sistema de xestión medioambiental.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos manterán un compromiso constante coa protección do medio ambiente e cumprirán os estándares e esixencias establecidos na lexislación aplicable local e internacional. Así mesmo, comprometeranse a cumprir os estándares medioambientais establecidos por Gas Natural Fenosa incluído, no seu caso, as medidas de redución e compensación do impacto que sexan necesarias para aplicar os devanditos estándares.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos asumirán os compromisos de Gas Natural Fenosa en materia ambiental:

1. Contribuír al desenvolvemento sostible mediante a ecoeficiencia, o uso racional dos recursos naturais e enerxéticos, a minimización do impacto ambiental, o fomento da innovación e o uso das mellores tecnoloxías e procesos dispoñibles.
2. Contribuír á mitigación do cambio climático a través de enerxías baixas en carbono e renovables, a promoción do aforro e a eficiencia enerxética, a aplicación de novas tecnoloxías e a captura do carbono.
3. Integrar criterios ambientais nos procesos de negocio, nos novos proxectos, actividades, produtos e servizos, así como na selección e avaliación de provedores.
4. Minimizar os efectos adversos sobre os ecosistemas e fomentar a conservación da biodiversidade.
5. Garantir a prevención da contaminación e a mellora continua mediante a optimización da xestión ambiental, a minimización dos riscos ambientais e a participación activa dos empregados.

4.14.

Calidade e seguridade dos produtos e servizos

Gas Natural Fenosa, adicando o seu esforzo a coñecer e satisfacer as necesidades dos seus clientes, traballa, ao longo de toda a cadea de valor, para mellorar continuamente a calidade e seguridade dos seus produtos e servizos.

Os produtos e servizos entregados polos provedores, contratistas e colaboradores externos deberán cumprir cos estándares e parámetros de calidade e seguridade requeridos polas leis aplicables, prestando especial atención ao cumprimento de prezos e prazos de entrega.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos deberán dispoñer e/ou empregar instalacións e maquinaria en correcto estado para realizar as actividades e produtos obxecto do contrato. Neste senso, a maquinaria e equipos utilizados polo provedor deberán cumprir coa lexislación e normas vixentes aplicables, especialmente nos aspectos de calidade, seguridade e de medio ambiente.

5.

Aceptación, adhesión e cumprimento do Código

Coñecemento e adhesión

Gas Natural Fenosa comunicará e difundirá entre os seus provedores, contratistas e colaboradores externos o contido deste Código Ético.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos deberán comprometerse formalmente co cumprimento do presente Código no momento en que causen alta en Gas Natural Fenosa, na renovación dos seus contratos e naquelas outras circunstancias nas que Gas Natural Fenosa o estime conveniente.

Os provedores, contratistas e colaboradores externos deberán establecer mecanismos axeitados para unha difusión efectiva deste Código entre os seus empregados, e en especial, a aqueles que desenvolvan traballos para Gas Natural Fenosa.

Asemade, os provedores, contratistas e colaboradores externos responsabilizaranse de que os seus propios provedores e subcontratistas estean suxeitos a principios de actuación equivalentes aos deste Código Ético do provedor.

Cumprimento

Este Código é de obrigado cumprimento para todos os provedores, contratistas e empresas colaboradoras de Gas Natural Fenosa.

Gas Natural Fenosa espera de todos os seus provedores, contratistas e colaboradores externos un alto nivel de compromiso no cumprimento do Código Ético do Provedor.

O seu incumprimento analizarase de acordo cos procedementos internos, a normativa legal e os convenios vixentes, e no seu caso aplicaranse as sancións procedentes.

Gas Natural Fenosa finalizará as relacións comerciais con aqueles provedores, contratistas e colaboradores externos que infrinxan as pautas de conduta establecidas neste Código e, de maneira especial, os dereitos humanos, as prácticas corruptas e os referidos ao traballo infantil. Antes, e en función da natureza e severidade do incumprimento e co obxecto de axudar á mellora da xestión destes asuntos por parte de provedores, contratistas e colaboradores externos, Gas Natural Fenosa dialogará con eles para analizar as causas dos incumprimentos producidos e promoverá a instauración das accións correctivas necesarias a fin de evitar a rescisión contratual.

Calquera dúbida que poida xurdir sobre a interpretación ou aplicación deste Código Ético deberá consultarse coa Unidade de Compras a través das canles habituais de comunicación.

6.

Vixencia e Aprobación

O Código Ético de Provedores apróbbase polo Comité de Dirección de Gas Natural Fenosa e entra en vigor o día da súa publicación a todos os provedores, contratistas e colaboradores externos e estará vixente namentres non se probe a súa anulación.

Revisarase e actualizarase periodicamente polo Comité de Dirección, á proposta da Comisión do Código Ético e das áreas internas de Compras, Medio Ambiente e RSC, que terán en conta para isto as suxerencias e propostas que realicen os provedores, contratistas e colaboradores externos e os compromisos adquiridos por Gas Natural Fenosa en materia de responsabilidade social e bo goberno.

Anexo I.

Pacto Mundial das Nacións Unidas



Red Pacto Mundial España
WE SUPPORT

Principios Universais nos ámbitos dos dereitos humanos, normas laborais e medio ambiente.

Dereitos humanos:

1. Apoiar e respectar a protección dos dereitos humanos fundamentais, recoñecidos internacionalmente, dentro do seu ámbito de influencia.
2. Asegurarse de que non son cómplices na vulneración dos dereitos humanos.

Dereitos laborais:

1. Apoiar a liberdade de afiliación e o recoñecemento efectivo do dereitos á negociación colectiva.
2. Apoiar a eliminación de toda forma de traballo forzado ou realizado baixo coacción.
3. Apoiar a erradicación do traballo infantil.
4. Apoiar a abolición das prácticas discriminatorias no emprego e na ocupación.

Medio ambiente:

1. Dar apoio a unha aproximación de precaución en relación cos retos ambientais. As empresas deberían apoiar un enfoque preventivo aos retos ambientais.
2. Fomentar iniciativas que promovan unha maior responsabilidade ambiental.
3. Favorecer o desenvolvemento e a difusión de tecnoloxías respectuosas co medio ambiente.

Corrupción:

1. As empresas deben traballar contra a corrupción en todas as súas formas, incluídas a extorsión e o suborno.

Anexo II.

Principios da Política Anticorrupción de Gas Natural Fenosa

1. Fomento da integridade. Consciente da importancia da prevención e detección da corrupción, Gas Natural Fenosa promove unha cultura de integridade dentro do grupo, así como cos seus provedores e colaboradores, a través da formación e difusión de condutas éticas, co fin de previr e evitar a realización de actividades ilícitas e contrarias ás pautas de conduta establecidas no Código Ético.
2. Garantía de transparencia. Gas Natural Fenosa cre na importancia de ser transparentes coa información enviada aos Órganos de Dirección e ao mercado. Co fin de obter a máxima confianza por parte dos clientes, provedores, socios comerciais, inversores, organismos reguladores e demais partes interesadas, Gas Natural Fenosa ofrece información veraz e completa.
3. Tratamento da información confidencial. Gas Natural Fenosa trata a información de clientes, socios comerciais, accionistas e empregados coa máxima discreción e privacidade. A devandita información deberá manterse na máis estrita confidencialidade e non será utilizada indebidamente polos empregados nin administradores en beneficio propio ou de terceiros.

4. Branqueo de capitais. Gas Natural Fenosa non facilita o branqueo de diñeiro nin a financiación de actividades terroristas. Por este motivo, colabora coas autoridades competentes de cada país, na loita contra o branqueo de capitais e a financiación de actividades terroristas, aportando toda a información que soliciten de acordo coas normas vixentes na materia, así como denunciando as operacións sospeitosas.
5. Conflito de intereses. Gas Natural Fenosa basea a relación cos empregados na lealdade, orixinada nos intereses comúns existentes entre eles e a compañía. Por iso, respecta a participación dos seus empregados en actividades alleas ao grupo, sempre que se desempeñen dentro do marco legal aplicable e dos contratos laborais e non entren en competencia ou confrontación cos seus deberes como empregados de Gas Natural Fenosa nin se utilicen como medio para realizar prácticas corruptas.
6. Contribucións a partidos políticos. Gas Natural Fenosa non amosa apoio nin nin realiza contribucións económicas ou donacións de ningunha clase a políticos e/ou partidos políticos.
7. Relacións con terceiros e intermediarios. Os empregados e administradores de Gas Natural Fenosa relaciónanse con clientes, socios e/ou provedores dende unha ética profesional máxima. Gas Natural Fenosa, esixe nos seus tratos contractuais compromisos que inclúan o cumprimento das normas anticorrupción.

8. Relación con funcionarios públicos. Todo ofrecemento a funcionarios gobernamentais, incluídas as atencións empresariais, deben ser realizadas de forma lícita e de acordo coa Normativa do grupo, co fin de asegurar o efectivo cumprimento dos principios de obxectividade, imparcialidade, neutralidade e transparencia.
9. Comisións, pagos ou beneficios de terceiros. Os empregados non poderán recibir, ofrecer, nin entregar de forma directa ou indirecta pagos en metálico, en especie ou calquera outro beneficio, a persoas ao servizo de entidades, públicas ou privadas, partidos políticos ou cargos públicos, coa intención de levar a cabo ou manter, ilícitamente, operacións de investimento, desinvestimento, financiación ou outros negocios ou vantaxes.
10. Patrocinio, donacións e contribucións a ONGs, fundacións, asociacións, sindicatos e outras entidades de carácter similar. Gas Natural Fenosa pode colaborar con entidades sen ánimo de lucro, pero sempre que se garanta un beneficio recíproco claro e documentado entre as partes implicadas e nunca para encubrir actos ilícitos de corrupción ou suborno.
11. Atencións empresariais. Os agasallos, atencións e convites a actos, eventos, etc., estarán baseados na normativa interna do grupo e, en ningún caso, deberán influír sobre a vontade ou obxectividade de persoas propias ou alleas a Gas Natural Fenosa para obter algún beneficio ou vantaxe comercial ou de negocio desaxeitada. As atencións empresariais non deben ir máis aló da cortesía, debendo ser proporcionadas, razoables, transparentes, lexítimas e socialmente aceptables, e de ser coñecidas, non deberían causar incomodidade a quen as entrega ou recibe.

12. Pagos de facilitación. Gas Natural Fenosa amósase contraria aos pagos de facilitación. Enténdese tales aqueles pagos de pequena contía non lícitos realizados a organismos oficiais co fin de facilitar ou axilizar a realización de trámites administrativos ou similares.

13. Rexistro de operacións. Todas as operacións que realice o grupo figurarán con claridade e exactitude nos rexistros contadores axeitados que representen a imaxe fiel das transaccións realizadas. Gas Natural Fenosa ten instituído e mantén un adecuado sistema de control interno sobre a elaboración da información financeira, garantindo a supervisión periódica da súa eficacia. Todas as operacións aprobaranse, documentaranse e rexistraranse de acordo coa normativa do grupo e co modelo de Control Interno establecido.



www.gasnaturalfenosa.com